

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Xullo 2010

NOTA DE PRENSA

En xullo de 2010 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 9,4% e os dos bens importados aumentaron un 15,3%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 9,4% en xullo de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 15,3%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 6,6% e os dos bens importados medraron un 10,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do -17,7%. Os prezos dos bens de equipo e dos bens de consumo diminuíron un 2,9% e un 2,4%, respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios aumentaron un 19,2%. Os prezos dos bens de equipo aumentaron un 9,6% e dos bens de consumo un 8,7%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

| EXPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | | IMPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | |
|---------------------|--|-------------------|---------------------|--|-------------------|
| | No mes | No que vai de ano | | No mes | No que vai de ano |
| ÍNDICE XERAL | -9,4 | -6,6 | ÍNDICE XERAL | 15,3 | 10,1 |
| Bens de consumo | -2,4 | -4,2 | Bens de consumo | 8,7 | 1,2 |
| Bens de equipo | -2,9 | -2,6 | Bens de equipo | 9,6 | -9,2 |
| Bens intermedios | -17,7 | -9,9 | Bens intermedios | 19,2 | 14,7 |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 13,1% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 11,7% para a UE-27 e do 10,4% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE a diminución foi do 3,3%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 11,2% e os procedentes do resto de países un 25,2%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

| EXPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | | IMPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | |
|-----------------|--|-------------------|-----------------|--|-------------------|
| | No mes | No que vai de ano | | No mes | No que vai de ano |
| UEM | -13,1 | -7,8 | UEM | 12,2 | 10,2 |
| UE-25 | -11,7 | -7,3 | UE-25 | 6,1 | 7,5 |
| OCDE | -10,4 | -6,1 | OCDE | 11,2 | 8,6 |
| Resto de países | -3,3 | -10,2 | Resto de países | 25,2 | 12,8 |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:
Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>